

## COMUNICACIÓN DE INTERESE EN RELACIÓN AO PROGRAMA ESPAÑOL PARA O FEMPA PRESENTADO ANTE A COMISIÓN EUROPEA

O 6 de xullo de 2022, España presentou ante a Comisión Europea o Programa para o período 2021-2027 do Fondo Europeo Marítimo e de pesca (FEMPA).

O documento incorpora modificacións respecto ao borrador previo, polo que considerase de especial relevancia comunicar a todos os interesados no procedemento PE210B Selección de estratexias de desenvolvemento local participativo e grupos de acción local do sector pesqueiro, que na Prioridade 3: *Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas*, na que se encadra o Desenvolvemento Sostible das zonas de pesca, advértense os seguintes cambios:

No obxectivo estratéxico de aumento de valor e creación de emprego introdúcese a *"valoración e fomento da participación das mulleres"* de modo que o obxectivo queda redactado do seguinte modo:

*a) Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.*

No relativo aos indicadores de resultados, elimínase o indicador:

*"intervencións que contribúan ao bo estado ambiental, en particular á recuperación e conservación da natureza, protección de ecosistemas, biodiversidade, saúde e benestar animal (número de intervencións)".*

O Modelo de Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo publicado en <https://mar.xunta.gal/gl/node/5413> queda adaptado ao novo contido do Programa presentado ante a Comisión Europea.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

